



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Lingua: Lingua galega

Materia	Lingua: Lingua galega			
Código	P04G070V01102			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Fernández Salgado, Benigno			
Profesorado	Fernández Salgado, Benigno			
Correo-e	bfsalgado@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo estudar os diversos elementos, formas e usos lingüísticos do galego en relación cos aspectos do mundo que permiten expresar e entender. A idea é examinar as relacións existentes entre a realidade que se recrea a través da comunicación audiovisual, e as prácticas lingüísticas e discursivas que o sosteñen.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B1	Coñecemento das características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados.
B2	Coñecemento da realidade político-social do mundo na era da comunicación global.
B4	Habilidade para expor os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B5	Coñecemento dos valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
C1	Coñecemento do uso correcto oral e escrito das linguas oficiais como forma de expresión profesional na industria audiovisual.
D1	Comprender a importancia dos cambios tecnolóxicos, económicos e sociais no desenvolvemento de proxectos audiovisuais
D5	Comprender a importancia de desenvolver un respecto solidario polas diferentes persoas e pobos do planeta, polos valores universais de educación, cultura, paz e xustiza, polos dereitos humanos, a igualdade de oportunidades e a non discriminación por razóns de sexo, raza ou relixión.
D6	Comprender a necesidade da conservación do patrimonio lingüístico, audiovisual e cultural de Galicia

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
1 - Analizar a comunicación audiovisual desde unha perspectiva lingüística.	B1 B5	C1	D5 D6
2 - Saber comunicarse con soltura en galego estándar tanto de forma escrita como oral.	A1	C1	D6
3 - Aprender a construír textos satisfactorios no contexto profesional da comunicación audiovisual.	B1 B4 B8 B10 B13 B16	C1 C8 C9 C30 C31	D1 D1 D2 D3

4 - Aprender a expor de forma idónea os resultados de traballos académicos de maneira oral ou servíndose de medios audiovisuais ou informáticos.	B4 B8 B10 B13 B16	C8 C9 C30 C31	D1 D2 D3
5 - Aprender a valorar as linguas e as culturas que se vehiculan a través delas e a saber apreciar a orixinalidade con que cada unha delas proxecta a súa visión do mundo	B5 B8 B10 B13 B16	C8 C9 C30 C31	D1 D2 D3 D5 D6
6 - Analizar e valorar críticamente exemplos de expresión oral e escrita en galego.	A1 A2 A3 A4 A5	B3 C1 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	D1 D2 D3 D4 D5 D6
7 - Aprender a colaborar en actividades de grupo a través da comunicación oral e escritura das ideas propias e a ser comprensivo e receptivo ás ideas alleas	B2 B4	C16 C19	D1 D1 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D12 D13 D14 D15
8 - Aprender a asumir os riscos da comunicación e a ser ousados na expresión e no tratamento dos temas		C16 C19	D1 D1 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D12 D13 D14 D15

## Contidos

Tema	
<input type="checkbox"/> TEMA 1: LINGÜÍSTICA (Miss Lediya; Pontevedra, cuna de Colón)	<input type="checkbox"/> Lingüística. A comunicación. A linguaxe non verbal. A linguaxe. <input type="checkbox"/> Xeolingüística. Unidade e diversidade das linguas. <input type="checkbox"/> Dialectoloxía. A lingua galega e as súas variedades.
<input type="checkbox"/> TEMA 2: FILOLOXÍA DO GALEGO (Sempre Xonxa; Fisterra, onde termina o mundo)	<input type="checkbox"/> A historia lingüística do galego. A literatura galega. <input type="checkbox"/> Modalidades de lingua. Expresión oral e expresión escrita. Ortofonía e ortografía. Elocución e redacción. <input type="checkbox"/> Ámbitos, funcións e usos das linguas. Linguaxes especializadas. Xéneros literarios. <input type="checkbox"/> Estilística. Rexistros lingüísticos. Os usos audiovisuais do galego.
<input type="checkbox"/> TEMA 3: SOCIOLINGÜÍSTICA DO GALEGO. (A lingua das bolboretas; Belas dormentes)	<input type="checkbox"/> O individuo e a comunidade. Nacionalismo lingüístico e multilingüismo. <input type="checkbox"/> Lingua común. Lingua estándar. Lingua internacional. <input type="checkbox"/> Bilingüismo e diglosia. Interferencia e cambio de código. <input type="checkbox"/> Identidade e prestixio. Prexuízos lingüísticos. <input type="checkbox"/> Inseguridade lingüística. Falantes nativos, bilingües e semifalantes.

☐ TEMA 4: A FONÉTICA DO AUDIOVISUAL GALEGO.

(Era outra vez; Mar adentro)

☐ Fonética e prosodia. Normas fónicas para a pronuncia estándar do galego. A entoación galega.

☐ Ortoloxía. As variedades fonéticas e estilísticas do galego. Locución nos medios en galego. O acento: acento neutro e acentos locais.

☐ Guías de pronunciación: o ben falar e o bo dicir.

☐ TEMA 5: A GRAMÁTICA E O LÉXICO DO AUDIOVISUAL GALEGO

(O ano da carracha; O lapis do carpinteiro)

☐ Gramática. Morfoloxía, sintaxe e semántica.

☐ Tendencias conservadoras e innovadoras na morfoloxía e sintaxe do galego moderno.

☐ O léxico e os recursos de formación de neoloxismos. Os estranxeirismos.

☐ Manuais de gramática e dicionarios.

☐ TEMA 6: RETÓRICA DA COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL EN GALICIA

(Celda 211; A estación violenta)

☐ A arte da persuasión. Audiencias. Argumentación. Propósito. Expresión e verosimilitude. Os xéneros.

☐ As figuras retóricas. O tratamento. Quen. Que. Como. Para quen.

☐ TEMA 7: ANÁLISE TEXTUAL. COMPOSICIÓN DE TEXTOS EN GALEGO.

(Os fenómenos; Dhogs)

☐ A escrita como proceso: construción de textos.

☐ Tipoloxías textuais e discursivas.

☐ Comprensión e lexibilidade.

☐ Coherencia, cohesión, adecuación.

☐ Intertextualidade.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	3	6
Lección maxistral	12	12	24
Resolución de problemas	12	24	36
Seminario	5	10	15
Traballo tutelado	13	39	52
Eventos científicos	3	6	9
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	3	4
Exame de preguntas obxectivas	1	3	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación dos contidos e metodoloxía da materia.
Lección maxistral	Exposición do profesor dos contidos da materia coas explicacións pertinentes relativas ás bases teóricas que a sustentan e ás directrices dos traballos, exercicios ou proxectos que os estudantes deben levar a cabo.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas ou exercicios prácticos relacionados coa materia (por exemplo, de corrección lingüística e estilística para mellorar a gramática e o léxico). É un complemento indispensable da lección maxistral. O estudante debe desenvolver as solucións adecuadas mediante a exercitación de rutinas, aplicación de procedementos de transformación da información e interpretación dos resultados.
Seminario	Actividades centradas en temas concretos que permiten afondar ou completar os contidos da materia. Complementan as clases teóricas e favorecen a práctica da lingua oral e a exercitación na exposición pública. Para o caso un alumno ou un grupo preparará algún dos subtemas que aparecen no programa fóra da clase con bibliografía axeitada. Os seminarios tamén se poden utilizar para expoñer os avances dos traballos tutelados.
Traballo tutelado	Elaboración dun texto académico de certa extensión baseado en investigacións feitas nas áreas de estudo relacionadas co galego e coa comunicación audiovisual. Coa súa realización, o que se pretende é que o estudante se familiarice coa procura de documentación axeitada, que traballe de maneira crítica e analítica, e se habitúe aos estándares formais das publicacións académicas baixo a orientación do profesor.
Eventos científicos	Asistencia a conferencias, charlas ou outro tipo de eventos relacionados co ámbito da comunicación audiovisual e rexistro de notas ou apuntamentos destacados das exposicións dos participantes.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Daranse instrucións concretas nos primeiros días de clase. O atendimento no despacho ou por correo electrónico.
Seminario	Idem. Atendimento no despacho do profesor ou a través do correo electrónico.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Lección maxistral	Haberá un exame ó final do cuadrimestre sobre os contidos tratados nas aulas e seminarios. Conterá unha parte teórica e unha parte práctica de maneira que se poidan verificar os coñecementos adquiridos e a competencia lingüística no galego.	25	B2 B5	C1	D6
Resolución de problemas	O profesor especificará as actividades prácticas que son avaliábeis. Ao longo do curso iranse valorando as actividades escritas (exercicios, pequenos traballos, informes sobre os traballos tutelados) que se vaian entregando.	20	B4 B5	C1	D5 D6
Seminario	Valorarase o traballo previo do grupo de estudantes encargados de preparar o tema do seminario; a claridade e orixinalidade da presentación e a participación activa do resto da clase despois da exposición, en particular as preguntas, suxestións e comentarios que se fagan.	20	B5		D1 D6
Traballo tutelado	Valorarase o proceso de investigación e o resultado final. Terase en conta a forma e presentación externa (grafismo, ilustracións), a organización, as fontes e referencias usadas, a calidade dos argumentos e o coidado da lingua.	35	A1 B5	B1 C1	D6
Eventos científicos	Valorarase, se se acordar, o traballo escrito de recensión e comentario do evento.	0			

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua a través do seguimento das lecturas, titorías e traballos realizados ao longo do curso con exame final. Avaliación global do proceso de aprendizaxe e adquisición de competencias e coñecementos a través de probas presenciais. Avaliación baseada fundamentalmente na participación do estudante e na entrega dos traballos e exercicios que se requiriron ao longo do curso.

A segunda convocatoria consistirá nun exame escrito e nunha proba oral. Poderíase valorar tamén a presentación dun traballo previamente acordado co profesor.

Cualificación numérica de 0 a 10 segundo a lexislación vixente (RD 1125/2003).

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

- Álvarez Blanco, R. (coord.), **Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia**, Consello da Cultura Galega, 2017
- Boullón Agrelo, A. (ed.), **Antroponimia e lexicografía**, Consello da Cultura Galega, 2018
- Cabo Villaverde, J.L. / Fernández, M.A., **Diccionario do cine en Galicia 1896-2008**, FGA / FCG / CGAI / CRTVG / Xunta de Galicia, 2008
- Callón, C., **Galegocalantes e Galegofalantes**, Xerais, 2017
- Calvet, L.-J., **(Socio)lingüística**, Laiovento, 1998
- Coulmas, F., **An Introduction to Multilingualism Language in a Changing World**, Oxford University Press, 2017
- Couto, X., **Arredor da Dobraxe. Algunhas Cuestións Básicas.**, Deputación Provincial da Coruña, 2009
- Fernández Salgado, B. (dir.), **Diccionario de Usos e Dificultades**, Galaxia, 2004
- García Gondar, Francisco (dir.), **BILEGA: Bibliografía Informatizada da Lingua Galega**, Centro R. P. para a Investigación en Humanidades, 2017
- González, M. / Santamarina, A., **VOLGa: Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega**, RAG / ILG, 2018
- Gugenberger, E. / Monteagudo, Henrique / Rei-Doval, Gabriel (eds.), **Contacto de linguas, hibrididade, cambio : contextos, procesos e consecuencias**, Consello da Cultura Galega, 2013
- Lausberg, H., **Elementos de Retórica Literaria**, Calouste Gulbenkian, 2004
- Ledo, Margarita (coord.), **Para unha historia do cinema en lingua galega. (1) Marcas na paisaxe**, Galaxia, 2018
- Ledo, Margarita (coord.), **Para unha historia do cinema en lingua galega. (2) A foresta e as árbores**, Galaxia, 2019
- López Viñas, X. / Lourenço Módia, C. / Moreda Leirado, M., **Gramática Práctica da Lingua Galega. Comunicación e Expresión**, Baía, 2011
- Montero Domínguez, X. M., **La traducción de proyectos cinematográficos : modelo de análisis para los largometrajes de ficción gallegos**, Peter Lang, 2015
- Noia, C. / Gómez, X.M. / Benavente, P. (coords), **Diccionario de Sinónimos da Lingua Galega**, Galaxia / SLI / Universidade de Vigo, 2017
- Núñez Singala, M.C., **Sacar a lingua é de mala educación: oportunidades do multilingüismo na infancia e na idade adulta**, Xerais, 2017
- Regueira, X.L. (dir.), **Diccionario de Pronuncia da Lingua Galega**, ILG / Universidade de Santiago, 2016
- Santamarina, A. (dir.), **Diccionario de Dicionarios**, ILG / Fundación Barrié / SLI, 2013
- Tusón, J., **Mal de Linguas. Arredor dos Prexuízos Lingüísticos**, Positivas, 1997
- #### Bibliografía Complementaria
- Álvarez Blanco, R. / Xove, X., **Gramática da Lingua Galega**, Galaxia, 2002
- Aneiros Díaz, R. / López García, X. (coords.), **A comunicación en Galicia 2013**, Consello da Cultura Galega, 2014
- Crystal, D., **A Morte das Linguas. Razóns para a Sobrevivencia**, Galaxia, 2003
- Fernández Rei, F., **Dialectoloxía da Lingua Galega**, Xerais, 1991
- Fernández Salgado, B. (ed.), **Manual de Estilo. O Correo Galego**, Compostela, 2001

- Ferreiro, M., **Gramática Histórica Galega. Lexicoloxía**, Laiovento, 1997
- Fill, A. / Mühlhäusler, P. (eds.), **Language, Ecology and Environment. The Ecolinguistics Reader**, Continuum, 2001
- Formoso Gosende, V., **Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico**, Xerais, 2013
- González, M. (dir.), **Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004**, RAG, 2007
- González, M. (dir.), **O Galego segundo a Mocidade. unha Achega ás Actitudes e Discursos Sociais**, RAG, 2004
- González, M. (dir.), **Actitudes Lingüísticas en Galicia. Compendio do III volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia**, RAG, 1996
- González Rei, B., **Ortografía da Lingua Galega**, Galinova, 2004
- Hermida Gulías, C., **Gramática Práctica (Morfosintaxe)**, Sotelo Blanco, 2004
- López Taboada, C. / Soto Arias, R., **Diccionario de Fraseoloxía Galega**, Xerais, 2008
- Lorenzo, L. / Pereira, A., **El Doblaje: (inglés - español, galego)**, Universidade de Vigo, 2000
- Méndez, L. / Navaza, G. (eds.), **Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega**, Asociación Galega de Onomástica, 2007
- Monteagudo, H. (ed.), **Estudios de Sociolingüística Galega sobre a Norma do Galego Culto**, Galaxia, 1995
- Moreira Barbeito, M., **Contra a morte das linguas. O caso do galego**, Xerais, 2014
- Mühlhäusler, P., **Language of Environment. Environment of Language. A Course in Ecolinguistics**, Battlebridge, 2003
- Núñez Singala, M., **En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega**, Xerais, 2011
- Poyatos, F., **La comunicación no verbal**, Itsmo, 1994
- RAG, **Diccionario Castelán-Galego da Real Academia Galega**, Fundación Barrié / RAG, 2004
- RAG / ILG, **Diccionario da Real Academia Galega**, Real Academia Galega / Galaxia, 2018
- RAG / ILG, **Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego**, Real Academia Galega / Galaxia, 2012
- Ramallo, F. / Rei Doval, G. / Rodríguez, X.P. (eds.), **Manual de Ciencias da Linguaxe**, Xerais, 2000
- Regueira, X. L. (coord.), **Os Sons da Lingua**, Xerais, 1998
- Rosales, M., **A Linguaxe Literaria. Guía de Recursos para a Análise Textual**, Xerais, 2003
- Royo, J., **Unha Lingua É un Mercado**, Xerais, 1997
- Sapir, E., **A Linguaxe. Introducción ó Estudo da Fala**, Universidade de Santiago, 2010
- Tascón, M. (dir.), **Escribir en Internet. Guía para los nuevos medios y las redes sociales**, Galaxia Gutenberg / Fundéu BBVA, 2012

---

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Comunicación radiofónica/P04G070V01202

Comunicación: Comunicación escrita/P04G070V01101

---

## Outros comentarios

A materia de "Lingua Galega" é recomendable se tes a intención de usares o galego no audiovisual, ou se aínda nunca te preguntaches por que o deberías facer vivindo en Galicia.